



**Resolución do 28 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso 2023/24.**

O artigo 105 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado que amose unha especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa. Do mesmo xeito, o artigo 120 establece a autonomía dos centros educativos para desenvolver experimentacións, innovacións pedagóxicas ou plans de traballo nos termos que establezan as administracións autonómicas e dentro das posibilidades que ofrezca a normativa aplicable.

Ademais, no punto catro da disposición adicional vixésimo quinta, as Administracións educativas impulsarán o incremento da presenza de alumnas en estudos do ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñería, artes e matemáticas

A ensinanza moderna baséase na investigación e no desenvolvemento do espírito crítico. O alumnado debe aprender cos feitos, observándoos e logo interpretándoos por medio de experimentos e con razoamento rigoroso. Espérase que el mesmo redescubra e comprenda principios fundamentais a través da observación e da propia reflexión.

Faise necesario captar o interese do alumnado, destacar a importancia e a utilidade do que se aprende para resolver problemas nun futuro inmediato e así acadar unha repercusión directa cara a futuras vocacións.

Outro elemento que se considera necesario é impulsar as coñecidas como "vocacións STEM" (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e así espertar a motivación do alumnado cara a estudos posteriores nos campos de coñecemento do ámbito científico tecnolóxico, como así o pon de manifesto o "Estudo sobre os factores influentes na elección de estudos científicos, tecnolóxicos, enxeñerías e matemáticas en Galicia" no que se destaca que o índice de titulados non cubrirá a demanda de profesionais nun futuro nestes sectores.

Nesta liña, esta consellería traballa no fomento da presenza de rapazas en estudos non obrigatorios relacionados co ámbito STEM. As decisións que se toman sobre a orientación académica fórxase no ensino obrigatorio, polo que un factor determinante podería ser a creación de diversos contornos de aprendizaxe onde se ofrezan modelos próximos e proxectos interesantes que teñan un compoñente de xénero.





Neste senso, a creación dun "Club de Ciencia" no centro docente pode proporcionar un escenario propicio para desenvolver estratexias metodolóxicas que promovan capacidades, coñecementos e técnicas, a través dunha invitación ao descubrimento, que aumenten o interese dos participantes por saber, cada vez máis, sobre diversos campos da Ciencia e as súas posibilidades de aplicación na Tecnoloxía.

Estes clubs fundaméntanse nunha metodoloxía baseada na indagación e a aprendizaxe colaborativa, na que o alumnado adquire coñecemento mediante un método activo, propoñen as súas propias cuestións e resollen problemas. Os docentes suxiren indirectamente diferentes medidas para que eles poidan aprender a organizar actividades arredor das súas propostas.

O Plan de Acción da Educación Dixital 2021-2027 da Comisión Europea focalízase na educación dixital como medio fundamental para a necesaria transformación dixital coa incorporación da intelixencia artificial e das habilidades relacionadas cos datos, así como o fomento da participación feminina na formación STEM.

Esta actuación enmárcase na Estratexia Educación Dixital 2030 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, como unha das medidas que propician o fomento e desenvolvemento de programas destinados á mellora das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas do alumnado.

Neste contexto é preciso determinar a continuidade dos centros e a incorporación de novos centros docentes para o curso 2023/24 a este programa.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección Xeral,

## RESOLVE:

### **Primeiro. *Obxecto***

Esta resolución ten como obxecto convocar a selección de novos centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante, a consellería) para participar no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" durante o curso 2023/24.

Ademais, dará continuidade aos centros que realizaron un Club de Ciencia durante o curso 2022/23 nas condicións establecidas nesta resolución.





## **Segundo. Destinatarios**

Poderán presentar solicitudes aqueles centros docentes públicos da consellería que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato.

## **Terceiro. Características do "Club de Ciencia"**

O "Club de Ciencia" defínese como un espazo de aprendizaxe non formal baseado nunha metodoloxía de indagación onde os docentes suxiren diferentes accións enfocadas ao alumnado co obxecto de que podan dar resposta ás súas curiosidades, aos seus intereses e resolver problemas.

Deberá estar formado por un ou máis docentes de calquera especialidade e alumnado de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria ou bacharelato. Un dos docentes actuará como persoa coordinadora do club.

Desenvolverase fóra do horario lectivo do alumnado nos espazos que se consideren ou habiliten do centro docente. Este horario deberá cumprir como mínimo unha media de catro horas ao mes, comezando a partir da concesión definitiva do proxecto ata final do período lectivo do alumnado durante o curso 2023/24.

## **Cuarto. Solicitud e documentación para os centros de nova incorporación**

1. Todo o procedemento de solicitude para os centros realizarase a través da aplicación informática de Programas Educativos: <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>.

Antes da presentación da solicitude do Club de Ciencia, a dirección do centro deberá informar ao Claustro de Profesores e contar coa aprobación do Consello Escolar.

A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen ten o permiso de creación e presentación da solicitude na aplicación informática. A solicitude que xera a aplicación informática deberá ser asinada pola persoa responsable da dirección do centro e quedará custodiada neste, non sendo necesaria enviala.

2. A través da mesma aplicación informática incluírse a información do proxecto que se vai desenvolver no curso 2023/24, que contará, polo menos cos seguintes campos:

### a) Descrición do proxecto

a.1) Propostas de traballo. Breve descrición das actividades que se realizarán

a.2) Alumnado a quen vai dirixido. Descrición do grupo de alumnado que participará





- b) Previsión de horarios e lugares destinados
- c) Persoa coordinadora do Club de Ciencia

3. Presentada a solicitude, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírase ao solicitante mediante o correo electrónico do centro, para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.

#### **Quinto. Continuidade dos centros no "Club de Ciencia"**

1. Os centros participantes no Club de Ciencia durante o curso 2022/23 terán asegurada a súa continuidade para o curso 2023/24, sempre que a súa memoria de desenvolvemento acadase unha avaliación positiva.

2. No prazo establecido no apartado sexto, a persoa directora do centro, ou persoa en quen delegue, deberá cubrir a solicitude de participación como centro de continuidade na aplicación informática de Programas Educativos: <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>. Antes da presentación da solicitude, a dirección do centro deberá informar ao Claustro de Profesores e contar coa aprobación do Consello Escolar. A solicitude que xera a aplicación informática deberá ser asinada pola persoa responsable da dirección do centro e quedará custodiada neste, non sendo necesaria enviála.

3. Os centros de continuidade poderán implementar os cambios que se producen nas condicións da súa participación editando o novo proxecto na aplicación de Programas Educativos : <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/> no prazo establecido no apartado sexto.

#### **Sexto. Prazos de solicitude**

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) ata o 18 de setembro de 2023.

#### **Sétimo. Criterio de selección**

Asígnase unha puntuación máxima de 50 puntos ao proxecto presentado segundo a súa calidade, coherencia, implicación dos docentes e do alumnado presentado e será condición indispensable acadar unha puntuación mínima de 25 puntos para asegurar unha mínima calidade do proxecto a desenvolver. Os centros que non acaden esta puntuación mínima non serán admitidos.

#### **Oitavo. Dotación económica**

1. O presuposto para este programa será de 200.000€ con cargo á aplicación orzamentaria





10.06.423A.229 da consellería, dos orzamentos do 2023. Cada centro participante recibirá unha achega económica de valor segundo o reparto do presuposto do programa entre o número final de centros participantes.

Esta dotación económica é incompatible con calquera outra destinada ao mesmo proxecto obxecto desta convocatoria.

2. A achega económica que recibirán os centros participantes no Club de Ciencia do curso 2023/24 será transferida nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2023.

3. O importe concedido a cada centro deberase destinar a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables á participación nesta convocatoria e en ningún caso se utilizarán para adquisición de materiais inventariables.

4. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 30 de xuño de 2024 e serán debidamente xustificadas ante a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. As facturas correspondentes deberán ser custodiadas no centro educativo, que poderán ser requiridas por dita Dirección Xeral.

5. A non xustificación do gasto no prazo establecido poderá ser causa de revogación das cantidades concedidas. O centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que lles poida esixir.

#### **Noveno. Comisión de selección**

A comisión de selección estará formada por:

- Presidencia: persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa (ou persoa en quen delegue)
- Vogais:
  - Persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, ou persoa en quen delegue.
  - Persoa titular do Servizo de Ordenación Educativa.
  - Persoa titular da Servizo de Innovación e Programas Educativos.
  - Dúas persoas asesoras da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha delas realizará as funcións de secretaría.





#### **Décimo. Resolución provisional**

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros participantes, tanto de nova incorporación como de continuidade. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

2. Logo da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión.

As reclamacións ou renuncias dirixiranse á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "Club de Ciencia". Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

#### **Décimo primeiro. Resolución definitiva**

1. Transcorrido o prazo de reclamacións ou renuncias, a comisión de selección realizará a valoración destas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros participantes, tanto de nova incorporación como de continuidade.

2. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas





solicitudes por silencio administrativo.

### **Décimo segundo. *Avaliación da participación no programa***

1. Os centros participantes no Club de Ciencia 2023/24 deberán cubrir a memoria das actuacións desenvolvidas en dito club a través da aplicación <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos> antes do 8 de xullo de 2024.

Esta memoria contará, cando menos, cos seguintes apartados:

- a) Introducción.
- b) Profesorado participante (actividades realizadas).
- c) Descrición das investigacións realizadas polo alumnado indicando os resultados ou conclusións obtidas
- d) Visibilización das actividades realizadas: Web do centro, actividades de difusión das actividades, blog, redes sociais, publicacións en revista escolar etc.
- e) Relación dos gastos derivados da participación do programa
- f) Conclusións e valoracións

2. A non entrega desta memoria polos medios antes indicados, ou a súa baixa calidade, poderá valorarse como criterio para non acordar a continuación do centro en vindeiras convocatorias.

### **Décimo terceiro. *Certificación do profesorado participante***

A consellería certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado no "Club de Ciencia" como actividade de innovación educativa previa avaliación positiva da memoria presentada, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante.

### **Décimo cuarto. *Compromisos do centro e do profesorado participante***

Os centros participantes no "Club de Ciencia" durante o curso 2023/24 colaborarán nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da consellería dos dereitos de edición dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento do programa no centro. Estes materiais difundiranse baixo a licenza "Creative Commons" que sexa *BY-NC-SA* que combine as propiedades "recoñecemento"- "non comercial"- "compartir igual".





**Décimo quinto. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

